

TREBELLOS CON VOZ IES Illa de Ons (Bueu)



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DA LINGUA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

ÍNDICE

Índice.....	1
1. Título do proxecto.....	2
2. Introducción.....	2
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro.....	2
2.2 Xustificación do proxecto.....	3
3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación.....	5
3.1 Obxectivos a curto prazo.....	5
3.2 Obxectivos a longo prazo.....	5
4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos.....	6
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo.....	7
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo.....	18
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	19
6. Xestión e calendario.....	19
7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	21
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	21
7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número).....	22
7.3 Outros membros da comunidade educativa.....	22
8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	23
9. Orzamento. Xustificación e desagregación.....	23
10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	24
11. Medidas de difusión do proxecto.....	25
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos.....	25
11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos).....	25
12. Plan de avaliación.....	26
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	27
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	27

1. TÍTULO DO PROXECTO

“Trebellos con voz”

2. INTRODUCCIÓN

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

Contorna sociolingüística

O IES Illa de Ons sitúase no núcleo urbano do concello de Bueu, na comarca do Morrazo, na provincia de Pontevedra. O noso alumnado procede fundamentalmente das zonas rurais pertencentes ao concello, principalmente das parroquias de Cela e Beluso, complementando a oferta coa proporcionada polo lindeiro IES Johan Carballeira. Bueu é unha vila a cabalo entre as áreas metropolitanas de Vigo e Pontevedra, cun nivel sociolingüístico, socioeconómico e sociocultural medio respecto da súa contorna.

Unha enquisa do IGE (Instituto Galego de Estatística) revela que o 40,3 % dos habitantes no Morrazo fala predominantemente en castelán. Mentres que o galego segue sendo unha lingua importante en Galicia, coa metade da poboación que pode utilizalo como lingua principal ou maioritaria, as áreas urbanas como o Morrazo presentan unha menor proporción de falantes habituais de galego.

Ademais, estudos recentes indican que a transmisión do galego nas novas xeracións está experimentando dificultades, especialmente nas áreas urbanas. O uso do galego está en retroceso en moitas zonas, especialmente entre os máis novos. Bueu segue esta tendencia.

En termos de sociolingüística, temos en Bueu unha situación de semibilingüismo individual, ao que se superpón un bilingüismo social de carácter conflitivo. Estamos ante unha ruptura no proceso de transmisión interxeracional da lingua galega. A diminución do galego como lingua inicial acrecentouse desde os anos noventa e na actualidade as nais e os pais non lles transmiten o galego aos fillos e fillas como ocorrera séculos atrás; así, o castelán segue a ser hoxe entre a mocidade a lingua de prestixio.

Estariámonos enfrontando a unha situación de diglosia e a consecuente desgaleguización, segundo as teorías manexadas por Joshua Fishman (1972).

No que se refire ás destrezas lingüísticas, salienta a elevada competencia oral que existe en toda a poboación, á que non é allea a poboación escolar do IES Illa de Ons. Porén, as competencias escritas en galego non están tan xeneralizadas coma as anteriores; xa que logo, o dominio da lectura e da escritura é moito menor có das destrezas orais, sobre todo canto maior é a idade do individuo.

- Situación do profesorado

O claustro está formado por 22 profesores/as, dos que unha alta porcentaxe son naturais da contorna do Morrazo. Todo o profesorado domina a lingua galega tanto na oralidade coma na escrita. Cúmrese a lexislación vixente ao respecto das materias que se deben impartir en lingua galega.

- Situación do alumnado

Alumnado da ESO. O número de discentes cos que conta a totalidade do instituto sitúase nos 146. Os cambios fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais que definen a transición cara á vida adulta, cun desenvolvemento emocional baseado na formación da propia identidade, marcan sen dúbida o alumnado desta etapa. O uso do galego por parte do alumnado como lingua de relación é inexistente, a súa tendencia natural é a de expresarse en castelán. A lingua galega é empregada exclusivamente na aula e nas materias nas que son impartidas en galego e o profesorado debe estar sempre incidindo no seu uso.

2.2 Xustificación do proxecto

Este proxecto nace no curso 2024/25 tras conversas entre Xoán (Lingua Galega e EDLG) e Sonia (Tecnoloxía e Polos Creativos) e pasa a ser un proxecto multidisciplinario que abrangue a toda a comunidade educativa do IES Illa de Ons e que ten continuidade no curso 2025/26.

“Trebellos con voz” é máis que unha exposición, é unha viaxe a 1998, ano no que arrincaba o IES Illa de Ons, na que se mostra a tecnoloxía que se empregaba entón.

Neses anos viviuse unha revolución nas tecnoloxías da información e da comunicación. Mesturábase asombro, nostalxia e emoción por un futuro dixital.

A telefonía móbil consolídase, conviven casetes e CD, aparece Windows 98, Internet Explorer, nace o buscador Google e comezan os primeiros videoxogos 3D.

Moitos deses trebellos que formaron parte da nosa vida están presentes na exposición. Gustaríanos que toda a comunidade gozase da experiencia de visitar “Trebellos con voz” e

que o alumnado se achegue a estes trebellos con curiosidade, que sempre é un bo punto de partida.

- Fase I: Montaxe e inauguración da exposición (curso 2024/25)
- Fase II: Ampliación e mellora da exposición. Actividades a prol do uso do galego nas TIC (curso 2025/26 e posteriores)

Tras varias experiencias educativas, constatamos a importancia do desenvolvemento de proxectos que, de xeito directo ou indirecto, reverteren nunha consideración positiva da lingua galega cando o seu uso e coñecemento se estende a prácticas que integran a compoñente lúdica. Aquí é onde situamos este proxecto, cun deseño que abrangue estratexias educativas moi diversas para abordar de xeito integral e interdisciplinario os “usos públicos da lingua galega”. Neste caso, a lingua galega apréndese non só como unha materia máis do currículo e como lingua vehicular para a transmisión de conceptos, senón que se incorpora ao proxecto con toda a súa forza.

“Trebellos con voz” pretende que a lingua galega sexa unha ferramenta de comunicación moderna e válida no mundo das tecnoloxías da información e da comunicación.

Con este proxecto, foméntase a resolución colaborativa de problemas, refórzase a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, tal como se recolle no artigo 26.2 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, con relación aos principios pedagóxicos da educación secundaria.

Enmárcase na consecución dos obxectivos da Axenda 2030:

- ODS4: Educación de calidade.
- ODS 5: Igualdade de xénero
- ODS 10: Redución de desigualdades.
- ODS 12: Producción e consumo responsables.
- ODS 17: Alianzas para lograr os obxectivos.

3. OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1 Obxectivos a curto prazo

- a) Revalorizar a lingua galega en contextos tecnolóxicos, amosar que o galego non só é válido no ámbito cultural e cotián, senón tamén no tecnolóxico e científico.
- b) Mellorar as habilidades e competencias comunicativas do alumnado en galego.
- c) Impulsar o traballo interdisciplinario e transversal, empregando a lingua galega como ferramenta de comunicación.
- d) Potenciar a participación activa do alumnado no desenvolvemento do proxecto e de maneira eficiente, innovadora e favorecendo a creatividade dixital en galego.
- e) Garantir a sustentabilidade do uso do galego no futuro dixital, impulsar boas prácticas que aseguren a súa presenza na vida académica e profesional.
- f) Expresar, comunicar e difundir ideas, propostas ou solucións cunha linguaxe inclusiva e non sexista.
- g) Sensibilizar sobre a importancia da diversidade lingüística, reflexionar sobre o papel do galego nun mundo globalizado e dixital.
- h) Recoñecer a relación do galego co portugués, amosar a proximidade lingüística e cultural entre ambas as linguas.
- i) Analizar as tecnoloxías da información e da comunicación tendo en conta o seu impacto na sociedade aplicando criterios de sustentabilidade e accesibilidade, para facer un uso ético e responsable.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- a) Crear unha rede de traballo cooperativa na comunidade educativa entre alumnado, profesorado, familias e institucións da contorna.
- b) Potenciar a identidade cultural e lingüística, fortalecer o sentido de pertenza e orgullo polo idioma ao integralo en contornas innovadoras.
- c) Fomentar o uso das novas tecnoloxías como marco de difusión universal da nosa lingua.
- d) Mellorar a competencia lingüística tanto do profesorado como do alumnado.

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

“Trebellos con voz” é un proxecto multidisciplinario e transversal iniciado no curso 2024/25 e que ten continuidade no curso 2025/26.

Actuacións no curso 2024/25:



Exposición inaugurada en xuño de 2025

Video VHS Viaxe a 1998



Montaxe co audio de antigos alumnos e profesores


A continuación detállanse as actividades propostas para desenvolver **no curso académico 2025/26**.

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Ampliación e mellora da exposición “Trebellos con voz”. Visitas guiadas. Difusión.
- Obradoiros para o alumnado.
- Formación para o profesorado.
- Visitas escolares: Centros de día, Fundación ONCE, Museo do Videoxogo e CSAG.
- Actividades interdisciplinarias arredor dos trebellos da exposición: sistemas de proxección, imaxe, informática, escrita, telefonía e audio, para lograr os obxectivos indicados.

Primeiro trimestre

	ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CURSO MATERIA
	Exposición “Trebellos con voz”	Continuidade depósito trebellos Cartelas/ Inventariado /Visitas guiadas	TODOS
1	Ligazón ás cartelas Ligazón ao inventario    Unha excursión ao vídeo  No 1998 só había un televisor e un reprodutor de vídeo no salón de actos. As clases tiñan que ir alí andando para poder ver os vídeos. Algo máis tarde construíuse un soporte con rodas que permitía levalos ás aulas. O televisor era moi grande e pesado, así que o transporte tamén levaba un tempo.		

2	Cadernos agasallo para os visitantes da exposición		TODOS
3	Actividade interactiva: <i>Que estás a escoitar?</i>	Presentación con diferentes sons dos trebellos que deben adiviñar os visitantes da exposición Premar na imaxe → 	TODOS
4	Debucedario	Campos semánticos: O galego nas TIC. Comparativa galego<>portugués +Braille  Elaboración dun cartel tamaño A1 cunha selección de debuxos TIC feitos polo alumnado con cada letra do abecedario. Ademais de indicar o seu nome en galego e en portugués, inclúe como se representa en braille con tiras feitas na impresora 3D. 	1º ESO ----- TECNO LINGUA GALEGA

5	Mensaxe ao 2050	Os visitantes á exposición escribenlle unha mensaxe a alguén do curso 2050 coa máquina de escribir. Gárdanse nun sobre enmarcado e exposto no instituto que se abrirá o 17 de maio do 2050.	TODOS ----- TECNO BIOLOXÍA
6	Liñas do tempo	Elaboración dixital de liñas do tempo dun trebello dende a súa invención ata a actualidade, marcando o ano 1998.	4º ESO ----- TECNO


7	“Dados que contan historias” - Story Cubes -	Xogo de dados para crear historias. Temática trebellos nun dos dados feitos coa impresora 3D e caixa co plóter de corte.  	4º ESO ----- TECNO + TODOS XOGAN
8	Autopsia tecnolóxica	O alumnado desmonta trebellos e indica o nome en galego dos elementos que o compoñen. Exposición do traballo.  	4º ESO ----- TECNO

Segundo trimestre

	ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CURSO MATERIA																																																																																																																																				
9	Entrevistas a usuarios dos Centros de día do concello	 Tras a visita á exposición por parte de usuarios dos Centros de día do concello, o alumnado visita estes centros. Contigo e Pescadoira. Listaxe de preguntas elaboradas polo alumnado: anécdotas trebellos, cambio analóxico-dixital etc. Reflexión conxunta.	3º ESO ----- VALORES																																																																																																																																				
10	Estudo estatístico (I)	Investigación sobre o emprego do galego nos programas instalados no EVA-Abalar (galego<>inglés<>español<>portugués) <table><tr><th rowspan="2">ALUMNADO</th><th rowspan="2">CATEGORÍA</th><th rowspan="2">APLICACIÓN</th><th colspan="4">ESTUDO DO EMPREGO DAS LINGÜAS (TOTAL 16)</th><th rowspan="2">OBSERVACIÓNS</th></tr><tr><th>INGLÉS</th><th>ESPAÑOL</th><th>PORTUGUÉS</th><th>GALEGU</th></tr><tr><td>1. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 1</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>2. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>3. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 2</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>4. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>5. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 3</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>6. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>7. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 4</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>8. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>9. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 5</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>10. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>11. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 6</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>12. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>13. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 7</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>14. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>15. Servizo de atención ao cliente</td><td rowspan="2">Categoría 8</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr><tr><td>16. Servizo de atención ao cliente</td><td>Atención ao cliente</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table> Premer na imaxe	ALUMNADO	CATEGORÍA	APLICACIÓN	ESTUDO DO EMPREGO DAS LINGÜAS (TOTAL 16)				OBSERVACIÓNS	INGLÉS	ESPAÑOL	PORTUGUÉS	GALEGU	1. Servizo de atención ao cliente	Categoría 1	Atención ao cliente						2. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						3. Servizo de atención ao cliente	Categoría 2	Atención ao cliente						4. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						5. Servizo de atención ao cliente	Categoría 3	Atención ao cliente						6. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						7. Servizo de atención ao cliente	Categoría 4	Atención ao cliente						8. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						9. Servizo de atención ao cliente	Categoría 5	Atención ao cliente						10. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						11. Servizo de atención ao cliente	Categoría 6	Atención ao cliente						12. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						13. Servizo de atención ao cliente	Categoría 7	Atención ao cliente						14. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						15. Servizo de atención ao cliente	Categoría 8	Atención ao cliente						16. Servizo de atención ao cliente	Atención ao cliente						2º ESO ----- TECNO
ALUMNADO	CATEGORÍA	APLICACIÓN				ESTUDO DO EMPREGO DAS LINGÜAS (TOTAL 16)					OBSERVACIÓNS																																																																																																																												
			INGLÉS	ESPAÑOL	PORTUGUÉS	GALEGU																																																																																																																																	
1. Servizo de atención ao cliente	Categoría 1	Atención ao cliente																																																																																																																																					
2. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
3. Servizo de atención ao cliente	Categoría 2	Atención ao cliente																																																																																																																																					
4. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
5. Servizo de atención ao cliente	Categoría 3	Atención ao cliente																																																																																																																																					
6. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
7. Servizo de atención ao cliente	Categoría 4	Atención ao cliente																																																																																																																																					
8. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
9. Servizo de atención ao cliente	Categoría 5	Atención ao cliente																																																																																																																																					
10. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
11. Servizo de atención ao cliente	Categoría 6	Atención ao cliente																																																																																																																																					
12. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
13. Servizo de atención ao cliente	Categoría 7	Atención ao cliente																																																																																																																																					
14. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
15. Servizo de atención ao cliente	Categoría 8	Atención ao cliente																																																																																																																																					
16. Servizo de atención ao cliente		Atención ao cliente																																																																																																																																					
11	Consumo responsable	A caverna de José Saramago (Premio Nobel de Literatura en 1998). Campaña de reciclaxe de teléfonos do Instituto Jane Goodall. Elaboración da caixa de recollida. 	4º ESO ----- FILOSOFÍA + NEAE																																																																																																																																				

12	Conversa telefónica simulando a petición dunha visita escolar á Expo de Lisboa (I)	Guión da conversa en galego e tradución ao portugués. Lectura teatralizada. Interpretación.	2º ESO ----- LINGUA GALEGA
13	“Bueu en imaxes”	Participación no proxecto “Bueu en Imaxes”. Iniciativa do Concello de Bueu coa colaboración do FIC que busca recoller fotografías antigas do noso concello co obxectivo de crear un arquivo fotográfico que preserve e poña en valor a nosa memoria colectiva. 	TODOS
14	Fotografías artísticas con trebellos	O alumnado saca o seu lado máis creativo: fotos artísticas dos trebellos e emprego da IA, todo está ben ;)  Premer na imaxe	4º ESO ----- TECNO

15	Videoxogos en galego	Deseño dun videoxogo sinxelo en galego: As bólas máxicas en Scratch  Premar na imaxe MUVI. Visita ao Museo do Videoxogo en Cangas. O galego nos videoxogos: percorrido por case 40 anos de videoxogos desenvolvidos en Galicia, así como dos seus creadores, para abordar o uso do galego neles e a importancia da localización de contidos. Interacción adicional cunha escolma de diversos títulos da nosa terra ou que gardan unha estreita relación con Galicia. Fotografías da visita	2º ESO ----- TECNO
16	App Inventor: Adiviña o trebello	Desenvolver a aplicación para Android para adiviñar o nome dun trebello. Emulador de teléfono. 	4º ESO ----- TECNO

17	Elaboración de diapositivas. Bestiario.	Investigación de animais e plantas autóctonos da comunidade autónoma galega, tomando como inspiración traballos artísticos como <i>Fauna e Herbarium</i>, de Joan Fontcuberta e Pere Formiguera. A partir da combinación do rigor científico e a creación artística, o alumnado elabora imaxes de seres híbridos que mesturen elementos do mundo vexetal e animal, dando lugar a un universo imaxinario vinculado ao patrimonio natural galego e recreando a estética das diapositivas antigas. O proxecto culmina nunha produción visual e expositiva cos aparellos expostos en “Trebellos con voz”, empregando diapositivas e transparencias das imaxes creadas. Utilízase o equipamento de Polos Creativos. http://bibliotecailladeons.blogspot.com/2026/06/bestiario-hibrido.html  	1º ESO ----- PLÁSTICA BIOLOXÍA LINGUA GALEGA
-----------	---	---	--

18	Visita ONCE	Visita o 4 marzo ao Centro da Fundación ONCE en Pontevedra. Obradoiros. Exposición “Trebellos con voz inclusiva”.  	1º ESO ----- BIOLOXÍA TECNO
19	Proposta audiovisual: Publicidade non sexista	A proposta consiste en tomar como referencia algúns exemplos de publicidade sexista da década dos 90 e subverter completamente os seus códigos narrativos e visuais, adaptándoos a unha mirada actual baseada na igualdade e na ruptura de estereotipos. - Teoría e análise de exemplos - Guión “Dándolle a volta ao anuncio” - Storyboard + planificación - Gravación - Montaxe - Visionado e avaliación	3º ESO ----- PLÁSTICA LINGUA GALEGA

Terceiro trimestre

	ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CURSO MATERIA
20	Estudo estatístico (II)	Gráficas cos datos froito da investigación sobre o emprego do galego nas apps/programas EVA-Abalar (galego<>inglés<>español<>portugués)	2ºESO ----- TECNO

21	Conversa telefónica simulando a petición dunha visita escolar á Expo de Lisboa (II)	Gravación da escena co guión elaborado. Montaxe audiovisual / croma.	2º ESO 4º ESO ----- LINGUA GALEGA TECNO
22	Xogos de mesa	Elaboración de xogos de mesa con temática <i>trebellos</i> feitos co equipamento de Polos Creativos: - xogo de preguntas - crebacabezas - dominó	4º ESO NEAE ----- TECNO
23	Música en galego	■ Pingas musicais: playlist na web do instituto.  ■ Obradoiro con Diana Tarín. Voces afrogalegas 	4º ESO ----- MÚSICA

		■ Obradoiro con Mondra. Achega ao baile tradicional con músicas de onte e hoxe  ■ Videoclip dun tema musical en galego. 	
24	“Tele sen son”	 Tras seleccionar un fragmento dun episodio da teleserie <i>Mareas vivas</i>, o alumnado de 3º da ESO na materia de Lingua Galega ponse na pel do guionista e escribe un diálogo cómico no que a temática xire arredor dun trebello. Empregarase a variedade dialectal que se fala no Morrazo, por exemplo incluír seseo e gheada. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado de 4º da ESO en Tecnoloxía: Intro animada co nome da serie e do clip, silenciar o son orixinal e sincronización do audio coa imaxe. Edición do vídeo. Pantalla final cos créditos.	3º ESO 4º ESO ----- LINGUA GALEGA TECNO

25	Chaveiros <i>vintage</i>	Deseño de chaveiros de <i>trebellos</i> e fabricación co equipamento de Polos Creativos. 	4º ESO ----- TECNO
26	Visita Televisión Galega	Visita ás instalacións da CSAG en Santiago de Compostela. Pendente de confirmación 	4º ESO ----- TECNO
27	Pódcast	Tras a formación recibida no primeiro trimestre, o alumnado atreveuse co pódcast, e falarán de fitos tecnolóxicos relacionados cos trebellos e en galego.	NEAE

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

A lista de actividades é aberta e contéplase traballar outras a longo prazo:

- comunicación/intercambio cun centro escolar de Escocia (gaélico escocés)
- concurso de *memes* ou *gifts*
- obradoiro de fotografía
- gravación de audioguías
- visita virtual da exposición
- *escape room*
- investigación sobre referentes dixitais en galego.

5. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Está iniciativa implica a todo o alumnado de 1º a 4ª da ESO, aposta polo traballo cooperativo entre estudantes de diferentes idades e niveis e promove a aprendizaxe entre iguais.

Traballando en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Polos Creativos e Biblioteca Escolar, prográmanse actividades para desenvolver por trimestres en todos os grupos no curso 2025/26.

Os docentes participantes desempeñarán o papel de guías e proporcionarán os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas por trimestres vinculadas ao proxecto.

O alumnado visitará o centro da ONCE en Pontevedra, o Museo do Videoxogo en Cangas e a CSAG en Santiago de Compostela.

Contémplanse obradoiros para o alumnado: música galega con Mondra e Diana Tarín e radio/pódcast. O profesorado asistirá a diversas formacións: impresión 3D e cortadora láser (PFPP Polos Creativos) e radio/pódcast. Involucrarase a profesionais de distintos campos para ofrecer charlas e asesoramento.

Cómpre destacar a colaboración de toda a comunidade educativa e dos centros educativos da contorna á hora de ceder trebellos para a exposición.

6. XESTIÓN E CALENDARIO

“Trebellos con voz” é un proxecto multidisciplinario e transversal, polo que pode estar suxeito a cambios.

Fase I / Curso 2024/25

Primeiro trimestre
▪ Xuntanzas para definir o proxecto e deseño da exposición. ▪ Recepción de trebellos en depósito.
Segundo trimestre
▪ Montaxe da exposición, disposición do mobiliario e dos trebellos. ▪ Redacción e impresión de cartelas. ▪ Formación en audiovisual para o profesorado.

Terceiro trimestre

- Gravación e edición do vídeo “Viaxe a 1998”.
- Gravación e edición da “montaxe audiovisual” na que participan antigo alumnado e profesorado do instituto.
- Inauguración da exposición “Trebellos con voz” e visitas guiadas.

Fase II / Curso 2025/26

Primeiro trimestre

- Presentación da solicitude de participación do proxecto no Plan Proxecta+ na categoría de Proxectos de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística.
- Ampliación do depósito e mellora da exposición.
- Difusión do proxecto e visitas guiadas á exposición.
- Xuntanzas do profesorado implicado no proxecto nas que se establecen as diferentes actividades que se van desenvolver durante todo o curso académico (detalladas con anterioridade no apartado 4).
- [Formación para o profesorado en impresora 3D.](#)
- [Obradoiro de pódcast e radio](#) para alumnado e profesorado.
- Realización das actividades correspondentes a este trimestre.

Segundo trimestre

- Xuntanzas do profesorado.
- [Formación para o profesorado en cortadora láser.](#)
- Realización das actividades correspondentes a este trimestre.
- Visita á Fundación ONCE e ao MuVi.

Terceiro trimestre

- Xuntanzas do profesorado.
- Realización das actividades correspondentes a este trimestre.
- Visita á Radio-Televisión de Galicia (pendente de confirmación).
- Obradoiro con Mondra / Obradoiro Diana Tarín.
- Avaliación do proxecto.

7. RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

	Sonia Rosales Resille Coordinadora do proxecto Coordinadora do programa Proxecta+ Coordinadora Polos Creativos Xefa do Departamento de Tecnoloxía	Deseño e montaxe da Exposición “Trebellos con voz” Inventariado do depósito Visitas guiadas á exposición Creacións audiovisuais Coordinación de actividades: • Actividade interactiva: Que estás a escoitar? • Debucedario • Mensaxe ao 2050 • Liñas do tempo • Autopsia tecnolóxica • Xogos de mesa • Videoxogos en galego • Chaveiros <i>vintage</i> • Conversa telefónica • Tele sen son • Estudo estatístico da lingua nas aplicacións Visitas co alumnado de 2º da ESO ao MuVi Visita co alumnado de 4º da ESO á Televisión
	Olalla García San León Coordinadora da Biblioteca Xefa do Departamento de Debuxo Membro do EDLG	Montaxe da Exposición “Trebellos con voz” Difusión Cartelas Creacións audiovisuais Cadernos agasallo Obradoiro pódcast / radio Actividades: Elaboración diapositivas artesanais. Bestiario e Publicidade non sexista
	María Jesús Rodríguez Romano Xefa do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía Membro do EDLG	Montaxe da Exposición “Trebellos con voz” Visita co alumnado de 1º da ESO á ONCE Actividades: Mensaxe ao 2050 e Elaboración diapositivas artesanais. Bestiario
	Amalia Graña Barros Xefa do Departamento de Lingua Galega Membro do EDLG	Asesoramento lingüístico Cartelas Actividades: Participación na iniciativa “Bueu en imaxes”, Tele sen son e Publicidade non sexista

	Teté García Alonso Xefa de Estudos Profesora de Música	Montaxe da Exposición “Trebellos con voz” Pingas musicais Videoclip música galega Obradoiros con Mondra e con Diana Tarín
	Vítor Lourenzo Varela Director Profesor de Matemáticas	Difusión Consumo responsable Pódcast
	M^a del Pilar Rojo Otero Xefa do Departamento de Xeografía e Historia	Visita aos centros de día do Concello co alumnado de 3º da ESO na materia de Valores. Entrevista aos usuarios, anécdotas vinculadas aos trebellos. Consumo responsable.
	Rosa Ana Rúa Pena Profesora de Educación Especial: Pedagogía Terapéutica Membro do EDLG	Consumo responsable Xogos de mesa Pódcast

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

Participa todo o alumnado do centro:

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Foi fundamental a cooperación de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto:

- Equipo Directivo, facilitou o uso de espazos e recursos.
- Persoal docente que non participa no programa Proxecta+ e que colaborou no desenvolvemento dalgunhas actividades: Úrsula Álvarez Villar (Lingua Galega) e José Luís Pena Paz (Música)
- Persoal non docente: administrativo, conserxe e limpadoras, colaboraron activamente na montaxe da exposición e facilitaron o desenvolvemento das actividades.
- Familias do alumnado que cederon trebellos para a exposición.

- Antigos alumnos e profesores que participan no audio para lembrar a vida no IES Illa de Ons no 1998, especialmente o profesor de Lingua Galega Xoán Rodríguez Rivas, co-coordinador do proxecto e coordinador do EDLG no curso 2024/25, e a profesora de Física e Química Mónica Camaño, actualmente xubilados pero que sempre formarán parte da familia do IES Illa de Ons.

8. RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

- Aula Exposición “Trebellos con voz”:
Mobiliario: mesas, cadeira, armario con iluminación, pantalla para proxección con trípode, carro, atril e taboleiros de cortiza. Alargadeira e guías de protección para o canleado. Teas e paneis de cartón pluma.
- Aula Polos creativos:
Equipo informático, impresora, plastificadora, tabletas, impresora 3D, cortadora láser, plóter de corte + accesorios e equipo de gravación e edición de audio.
- Biblioteca Escolar:
Croma, equipo de iluminación e mobiliario de apoio. Bibliografía e webgrafía.
- Equipos informáticos do alumnado, iPads, Edixgal/aula virtual e conexión a internet.
- Ampliación da instalación telefónica.
- Material funxible: taboleiros de contrachapado e DM, cartón, cartolina, papel, papel fotográfico adhesivo, goma-eva, feltro, filamento PLA e adhesivos (barras termofusible, *blu tack*, cinta dobre cara, etc.

9. ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

Orzamento / Gastos da primeira fase – curso 2024/25:

Concepto	Descrición/Xustificación	Importe
Paneis cartón pluma / PIK Rotulación	Paneis decorativos como fondo das distintas seccións da exposición	320,65 €
Teas / Retales Lidia	Teas para cubrir as mesas e as cortizas	219,05 €
Liña telefónica / Elect. Cuevas	Ampliación da liña telefónica ata a aula da exposición	233,53 €
Conversión vídeo VHS / Leiro Servicios Audiovisuales	Conversión da gravación da curta “Viaxe ao 1998” de dixital a analóxico (vídeo VHS)	36,30 €
Fotocopias, impresións e cartelería	Carteis. Fotocopias dos documentos que se van empregar	54,17 €

TOTAL:	863,37 €
---------------	-----------------

Orzamento / Gastos da segunda fase – curso 2025/26:

Concepto	Descrición/Xustificación	Importe
Obradoiro radio/pódcast	Uso do galego na comunicación	1000 €
Visita MuVi: 6 €/ asistente	Uso do galego nos videoxogos e importancia da localización de contidos	258 €
Obradoiro con Diana Tarín	Voces afrogaegas	268 €
Obradoiro con Mondra	O galego na música de onte e hoxe	450 €
Autobús Cangas (MuVi)	Transporte ás instalacións do Museo do videoxogo en Cangas	198 €
Material Cortadora láser / Brildor	Material necesario para desenvolver actividades: diapositivas, chaveiros e xogos de mesa	126,28 €
Material plóter de corte / Plotteralia	Material necesario para desenvolver actividades: diapositivas, chaveiros e xogos de mesa	171,24 €
Papel fotográfico Koala	Adhesivos	21,98 €
Guillotina A4	Elaboración de tarxetas	36,97 €
Guillotina A3	Elaboración de documentos escritos e cadernos agasallo	198,95 €
Fotocopias, impresións e cartelería	Cadernos agasallo, cartelas para a exposición, carteis co anuncio das xornadas de visita e copias de documentos para empregar	115,81 €
TOTAL:		2.845,23 €

10. COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓN, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

- Centros educativos da contorna que ceden trebellos para a exposición: IES Chan do Monte de Marín, IES de Rodeira e IES Monte Carrasco de Cangas

- Centro de Día Contigo e Centro de Día Pescadoira
- CFR de Pontevedra
- ANPA A Moraima
- Concello de Bueu
- Asociación FIC Bueu
- Fundación ONCE de Pontevedra
- MUVI Museo do Videoxogo de Cangas
- CSAG

11. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Difusión do proxecto a través da prensa: [Faro de Vigo](#) e [A Voz de Galicia](#), [blog da Biblioteca Escolar](#), web do instituto, redes sociais: conta de Instagram do instituto e do Concello de Bueu.

Visita á sala/exposición “Trebellos con voz”, apertura a toda a comunidade educativa e ao público xeral. Xornada de inauguración.

Os produtos elaborados amósanse en diferentes espazos do instituto: Biblioteca, aula de Polos Creativos, taller de Tecnoloxía ou entrada do centro.

Emprego das ferramentas corporativas:

- o espazo Abalar convértese no medio de transmisión de comunicación diaria das familias co centro, e viceversa; é pois o vínculo de unión informativa que se emprega a diario.
- páxina web do instituto
- Aula virtual e Edixgal
- correo corporativo do instituto

11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

O alcance do proxecto educativo atinxe a toda a comunidade educativa e acóllese con interese e entusiasmo. Promóvese o coñecemento do proxecto entre todos os membros da comunidade escolar e favorécese a súa implicación a través do plan de difusión.

- Presentación ao Claustro e Consello Escolar
- Presentación á Inspección Educativa
- Difusión entre o alumnado do noso centro
- Difusión entre as familias
- Comunicación con outros centros da contorna


Grande interese por visitar a exposición “Trebellos con voz” e valoración moi positiva por parte dos visitantes.

12. PLAN DE AVALIACIÓN

Na valoración deste proxecto existen dous procesos de avaliación claramente diferenciados:

- Avaliación xeral do proxecto, consecución dos obxectivos xerais e obxectivos específicos, cuxos criterios e indicadores creados de forma conxunta polo profesorado participante supoñen unha autoavaliación de todas as persoas implicadas, alumnado e profesorado, que lle concede importancia ao desenvolvemento das competencias, á idoneidade de actividades e metodoloxías empregadas, así como ao traballo realizado de forma individual e colectiva.
- Avaliación das actividades concretas desenvolvidas dende as materias, mediante rúbricas que reúnen o conxunto de criterios relacionados cos obxectivos de aprendizaxe, empregadas para avaliar a consecución destes por parte do alumnado.

Cos resultados obtidos na avaliación do proxecto acadaranse conclusións e propostas de mellora para os proxectos/actividades que se van desenvolver en vindeiros cursos.



12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

A autoavaliación final do proxecto por parte do alumnado e profesorado participante debe atender, polo menos, a algúns dos seguintes indicadores:

- ☉ Valoración xeral da aplicación do proxecto durante o curso, aspectos positivos e negativos.
- ☉ Valoración da implicación do profesorado, o traballo en equipo e o repartimento de tarefas.
- ☉ Valoración da implicación do alumnado no proxecto.
- ☉ Satisfacción do alumnado pola súa participación no proxecto.
- ☉ Inclusión nas áreas e impacto sobre os resultados da aprendizaxe do alumnado e nas competencias clave.
- ☉ Conclusións e propostas para vindeiros cursos.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Os datos sobre o impacto do proxecto na mellora do uso do galego entre a comunidade educativa serán analizados tras a enquisa de avaliación final, unha vez rematado todo o proceso.